


G1702014




# XORNADAS DE FORMACIÓN DOS XEFES E XEFAS DOS DEPARTAMENTOS DE ORIENTACIÓN

## CURSO 2017-2018

Santiago de Compostela

---

18 DE ABRIL 2018 | EGAP





# PROGRAMA

**9:15-9:45**    **Recepción de participantes**

**9:15-10:00**    **Apertura da Xornada**

**10:00-11:15**    **D. José Ramón Alonso Peña**

Educación na procura da verdade: a importancia da persoa orientadora

**11:15-11:45**



**11:45-13:00**    **D. Pedro Uruñuela Nájera.**

Unha mirada ao bosque da convivencia

**13:00-14:00**    **D. Erick Pescador Albiach**

Igualdade na escola: Proxecto Ulises 2000-2018



**16:00-17:15**    **D. Javier Cudeiro Mazaira**

Neurociencia para axudar á educación

**17:15-18:30**    **D. Miguel Ángel López Díaz , Dna. Luisa Abderraman Moh e Dna. María Dolores Vidal García IES Rusadir de Melilla**

Estratexias para a mellora da convivencia e a atención á diversidade nun contexto multicultural

**18:40-20:00**    **Dna. Mar Castro Maestre**

Falas ou comunicas? As emocións conéctannos



# PERSOAS RELATORAS



## JOSÉ RAMÓN ALONSO PEÑA

Doutor pola Universidade de Salamanca. Catedrático de Bioloxía Celular e Director do Laboratorio de Plasticidade neuronal e Neurorreparación do Instituto de Neurociencias de Castela e León. Conferenciante convidado en universidades de España, Alemaña, Suecia, Dinamarca, Colombia, Turquía e Estados Unidos.

A súa investigación centrouse na plasticidade neuronal, na capacidade do cerebro para responder de forma flexible ante danos producidos por trastornos do desenvolvemento como o autismo, lesións, drogas ou enfermidades neurodegenerativas, e nas posibilidades de recuperar o cerebro danado utilizando transplantes e células nai. Tamén traballou na elaboración de novos recursos docentes e ten desenvolvido experiencias innovadoras en docencia universitaria. Nos últimos anos está centrado na investigación do desenvolvemento cerebral en alumnado con TEA.

No seu relatorio comentáronos como dende todos os ámbitos da vida, e tamén na educación, recibimos información enganosa, solucións milagrosas, propostas baleiras moi ben envoltas. Debemos animar a mestres e mestras e profesoras e profesores a fomentar o pensamento crítico e a non caer en propostas infundadas. O método científico debe ser parte do currículo educativo e o traballo dos departamentos de orientación débese fundamentar nas evidencias científicas e non caer en neuromitos.

<https://jralonso.es/>



## PEDRO URUÑUELA NÁJERA

Licenciado en Medicina e en Filosofía e Letras. Catedrático de Bacharelato e Inspector de Educación e Profesor Asociado da UNED.

Foi coordinador de Educación na Consellería de Castela-La Mancha e subdirector Xeral da Alta Inspección do Ministerio de Educación, Política Social e Deporte de España.

Autor de moitos libros e artigos sobre temas de convivencia. Membro fundador e coordinador do proxecto Turkana, proxecto de desenvolvemento de convivencia e tamén membro fundador de Convives, asociación da que é na actualidade presidente honorífico.

A súa intervención xira arredor de cuestións coma o por que é necesario traballar a convivencia? Que é a convivencia positiva? Superando enfoques puramente reactivos que xorden coma resposta a situacións de quebra da convivencia, propónse o desenvolvemento das competencias cognitivas, emocionais, sociais e éticas necesarias para a construción da convivencia. Competencias que se adquiren a través de nove posibles programas de acción nos centros.

<http://convivesenlaescuela.blogspot.com.es/>



## **ERICK PESCADOR ALBIACH**

Licenciado en Socioloxía pola Universidade Complutense de Madrid (Madrid 1990/1995). Especialista en psicoloxía social, estudos de xénero, adolescencia, masculinidades e prevención de violencia machista. Realizou relatorios, talleres e grupos de homes en prol do cambio en España, Cuba, México, Puerto Rico, Chile e Perú, onde traballou con profesorado, asociacións de mulleres, etc dende 1994.

Presidente da Asociación para a Creación de Vínculos de Equidade (ACVE) e membro do equipo investigador do Proxecto ARIANNE da UE sobre a masculinidade . Director do Centro de Estudos de Xénero Masculinidades CEGM e coordina ademais o Centro de Terapia e Sexoloxía (CETESSEX)

Traballa en centros educativos dende a investigación e acción e para a prevención da violencia machista e a través das sexualidades co Proxecto Ulises. Colabora co Observatorio de Salud de la Mujer do Ministerio de Sanidad.

A súa intervención versará sobre o traballo co Proxecto Ulises e a experiencia dos últimos 18 anos en intervención educativa a todos os niveis. Ademais da importancia de incluír a temática da igualdade, o bo trato e o desenvolvemento da prevención das violencias, presentaranos un enfoque específico sobre o cambio das masculinidades e dos valores que as sustentan. Da súa experiencia conclúen que non é só importante empoderar ás mulleres para avanzar nun mundo de posibilidades e liberdades por igual, senón que é preciso intervir, cuestionar e actuar sobre as formas de ser homes e manifestar unha crítica aberta do poder patriarcal pouco cuestionado no proceso. Para reequilibrar un sistema social é necesario mobilizar a todos os elementos da estrutura. Ese traballo realizano no proxecto Ulises desde a aprendizaxe da igualdade e os coidados, co corpo e as emocións.

<http://www.masculinidades.com/>



## **JAVIER CUDEIRO MAZAIRA**

Javier Cudeiro é Doutor en Medicina e Cirurxía pola Universidade de Santiago de Compostela, especialista en Neurofisioloxía pola Universidade de Londres, Máster en Fisioloxía e Medicina do sono pola Universidade Pablo de Olavide, Especialista en Estimulación Cerebral non Invasiva (TMS/tDCS) pola Harvard University e Catedrático de Fisioloxía da Universidade da Coruña. A súa carreira formativa e profesional desenvolveuse en Alemaña, Inglaterra, EEUU e en España (Universidade de Santiago e Universidade da Coruña). En 2017 foi nomeado Presidente da Asociación Española de Neurociencia.

Un dos aspectos que cada vez atrae máis o interese dos científicos e das científicas é a relación da neurociencia coa educación. Cada día sabemos máis sobre os mecanismos da atención, a motivación e a memoria. É necesario esforzarse para empregar ese coñecemento coma ferramenta na aula. Debemos identificar e ensinar ao profesorado as técnicas que resultan de utilidade na aula para conseguir que as súas clases non só sexan didácticas, senón que tamén sexan interesantes e atractivas para o alumnado, ao tempo que os e as docentes se posicionan coma alguén a quen, máis alá da obriga académica, paga a pena escoitar

<https://www.estimulacioncerebral.com/>



## **IES RUSADIR DE MELILLA**

O director Miguel Ángel López Díaz , a xefa de estudos Luisa Abderraman Moh e a responsable do Proxecto lector do centro M<sup>a</sup> Dolores Vidal García, amósannos o proxecto do seu centro.

O Instituto Rusadir de Melilla atópase situado no distrito socio-económico máis deprimido da cidade e o seu alumnado ten unhas características singulares: orixe rifeña, cultura beréber, lingua materna tamazight e relixión musulmá. A estas diferenzas súmanselles as dificultades derivadas da extracción social baixa da maioría das familias, unha alta porcentaxe de alumnos que son a 1<sup>a</sup> xeración escolarizada e un grao apreciable de conflictividade. A resposta do centro a estes obstáculos pasa por un singular tratamento da convivencia baseada nos principios do proxecto educativo do centro: compensación e educación intercultural

<https://www.iesrusadir.es/web/>



## **MAR CASTRO MAESTRE**

Doutora en Comunicación por la Universidade de Vigo.

Máster de Investigación en Comunicación.

Máster en Protocolo e Relacións Externas no ámbito oficial, empresarial, cultural e internacional.

Escola Internacional de Protocolo da Universidade Camilo José Cela.


Máster Universitario en Protocolo. Universidade Nacional de Educación a Distancia en colaboración coa Fundación Xeral da UNED.

Especialista Universitaria en Ceremonial e Protocolo pola UNED.

Licenciada en CC. Económicas pola UNED.

A palabra crea conexións neuronais cos nosos oíntes provocando respostas emocionais inmediatas. Comunica con paixón, fala do que saibas, presta atención aos sinais non verbais que emites e observas, mira ás túas persoas interlocutoras, emprega palabras coñecidas por todos e todas e se ti mesmo ou ti mesma.

<http://www.marcastro.es/>



Tfno. 981522411  
[cafi.convivencia.inclusion@edu.xunta.es](mailto:cafi.convivencia.inclusion@edu.xunta.es)



#CAFI\_eduorienta

Realizaranse **catro controis** de asistencia a través do sistema de código de barras, nas entradas e saídas da mañá e da tarde. O paso polos controis é responsabilidade de cada asistente.

Para certificar a actividade será precisa unha asistencia dun 85% da duración desta. Art. 24 ORDE 14 maio 2013.